

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Francisca Gómez Santos, secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social e Xuventude,
DECLARA:

1. Que tense previsto formalizar un convenio de cooperación entre o Imerse coa Xunta de Galicia para o desenvolvemento do Marco de Cooperación Interadministrativa previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia e para o establecemento e financiamento do nivel de protección acordado para o exercicio 2023.

2. O nivel acordado de protección e o seu financiamento están estreitamente ligados aos obxectivos, medidas e actuacións propostas no Plan de Choque e aos subseguintes acordos de desenvolvemento alcanzados no seo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia, entre os que se atopan:

- O Plan de redución da lista de espera no SAAD (Acordo do 30 de abril de 2021).
- O Acordo de bases e folia de roteiro para a modificación dos criterios comúns de acreditación para garantir a calidade dos centros e servizos do SAAD (Acordo do 26 de xullo de 2021).
- O Acordo sobre Criterios comúns de acreditación e calidade dos centros e servizos do SAAD (Acordo do 28 de xuño de 2022).
- O Acordo polo que se definen e establecen as condicións específicas de acceso á asistencia persoal no Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia (Acordo do 12 de maio de 2023).

O presente convenio desenvolve o Marco de Cooperación Interadministrativa aprobado polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia en data 12 de maio de 2023, coa finalidade de acordar os obxectivos, medios e recursos para a aplicación dos servizos e prestacións previstos no capítulo II do título I da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Como novidade, o Marco de Cooperación Interadministrativa para o ano 2023 incorporou entre os criterios de distribución para todas as comunidades autónomas, un novo Fondo de apoio para o despregamento de actuacións ligadas aos criterios comúns de acreditación e calidade dos centros e servizos do SAAD, cuxo propósito é o impulso das actuacións para desenvolver polas administracións competentes en coherencia cos criterios de acreditación e calidade nos centros e servizos do SAAD aprobados por Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia do 28 de xuño de 2022.



O obxecto do convenio é, por tanto, determinar as obrigacións asumidas por cada unha das partes intervinientes para o financiamento do nivel de protección acordado previsto no artigo 7.2 da citada lei.

Así mesmo, o presente convenio ten por obxecto financiar, mediante o establecemento dunha cantidade específica para esta finalidade, os gastos de investimento e funcionamento do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia (SAAD), singularmente os dirixidos á implementación das medidas contidas no Plan de choque acordado polo Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia e, en xeral: diminución de lista de espera e mellora da axilidade administrativa; mellora da calidade dos servizos e das condicións laborais das persoas que traballan no SAAD e mellora das intensidades dos servizos e prestacións.

A Administración Xeral do Estado, a través do Imserso, achegará como contía máxima cincuenta e tres millóns oitocentos sesenta e sete mil trescentos oitenta e cinco euros con oitenta e un céntimos (53.867.385,81 €) con cargo á aplicación económica 31.34.451.2, de conformidade cos criterios de repartición recolleitos no citado Marco de Cooperación Interadministrativa.

Para a determinación desta cantidade tomouse en consideración a distribución establecida no Marco de Cooperación Interadministrativa para o ano 2023, así como o recolleito no punto 10 do apartado IV do Marco de Cooperación Interadministrativa para o ano 2022, e o disposto no apartado sexto da cláusula sexta do Convenio entre a Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia para o desenvolvemento do Marco de Cooperación Interadministrativa previsto na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en situación de dependencia e para o establecemento e financiamento do nivel de protección acordado para o exercicio 2022.

A Comunidade Autónoma de Galicia achegará, para o financiamento do presente convenio, con cargo aos seus propios orzamentos, un crédito inicial de cincuenta e tres millóns oitocentos sesenta e sete mil trescentos oitenta e cinco euros con oitenta e un céntimos euros (53.867.385,81 €), con cargo á aplicación orzamentaria con cargo aos programas orzamentarios 13.04.312D.228.1, 13.05.312D.460.0, 13.05.312D.480.0 e 13.04.312D.228.2.

O pago das achegas que corresponden á Administración Xeral do Estado, co obxecto de financiar a aplicación e desenvolvemento do nivel acordado na Comunidade Autónoma correspondente ao ano 2023, levará a cabo á firma do presente convenio, de conformidade co disposto no parágrafo primeiro da regra quinta do artigo 86.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

A Comunidade Autónoma de Galicia comprométese a acreditar a correcta aplicación da totalidade das achegas recibidas da Administración Xeral do Estado antes da finalización da vixencia do presente convenio, mediante a achega dos certificados recolleitos como anexo II e anexo III do presente convenio.

Da mesma forma presentarase unha memoria técnica das medidas adoptadas con relación ao Plan de choque, cumprimento de obxectivos e indicadores de verificación previstos, subscrita polo titular do centro directivo que xestione os créditos incluídos neste convenio, onde se recolla o grao de cumprimento e execución das actuacións recollidas no anexo I do presente convenio



3. Por outra banda, de conformidade co disposto na cláusula décima, a vixencia do instrumento de cooperación comprende ata o 31 de marzo de 2024, e non poderá ser prorrogado.

4. Así o exposto, os intereses converxentes das partes asinantes manifestado no instrumento de cooperación exclúe o ánimo de lucro que, polo antes exposto, non pode satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato ao abeiro da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español ás Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao indicado, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, tendo en conta que as partes manifestan a súa intención de continuar a colaboración iniciada o 8 de febreiro de 2018 ao abeiro do réxime establecido no dito instrumento e na antedita normativa de aplicación, fora da natureza contractual, estímase a xustificación da sinatura do dito acordo de prórroga coa exclusión doutras figuras nos mesmos termos recollidos para o antedito instrumento convencional.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital.

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

